

QUE FAN COS CARTOS?

O BNG, desde que ten representación no concello, sempre rexeitou os presupostos apresentados polo Governo Municipal; alén de cuestións puntoais, polo contínuo e inxustificado incremento dos gastos correntes e polo alto nivel de endebedamento anual en proporción á aportación de fondos propios do Concello no presupuesto de inversiones.

Nos presupostos do ano 91 esta situación agrava-se até tal punto que no informe de Intervención recolle-se que o aforro neto (para este ano só de 22 millóns) é previsible que sexa nulo, recomendando que a Corporación tome as medidas oportunas para non chegar a tal situación, propondo como meio para evitá-lo a redución drástica dos gastos correntes ou a elevación da presión fiscal.

O BNG opón-se radicalmente a esta última solución. Acabamos de sofrer un importante aumento dos impostos (Contribución Urbana, Vehículos, Alcantarillado ...) e non contribuía ao incremento do aforro. No tempo que leva Elvira Fernández á fronte do Governo Municipal a presión fiscal aumentou nun 85.9 % (case se duplicou), mentres o aforro neto baixou de 24.2 millóns no 87 a 22.9 millóns previstos para o 91. Estabelecidas as porcentaxes resulta que no ano 87 adicaba-se a investimentos o 7.6 % dos ingresos correntes e no 91 reduz-se a porcentaxe ao 3.9 %. No mesmo período vemos como os gastos correntes incrementan-se nun 77 %, correspondendo-lle ao capítulo de Persoal un 96.3 % de aumento.

Estes datos definen como impresentábel a política económica do Governo Municipal, e que a saída a esta situación non é, xa que logo, a suba de impostos, senón a reducción drástica de gastos correntes.

A situación de estancamiento económico, xa proverbial na Estrada, une-se neste momento, á crise do sector leiteiro que incide directamente no 70 % da población estradense e indirectamente no resto, levando-nos a unha situación de recesión económica que é necesario combater facendo ademais inviábel calquier saída que supoña un incremento da presión fiscal.

O BNG para superar esta situación, ainda sendo conscientes de que a sua solución pasa pola actuación doutras institucións, considera que o Concello, dentro do que lles permite a sua capacidade política e económica, debe marcar unhas liñas de actuación que contribúan ao



Manuel Rendo e Xoséfina Pereiras, Grupo Municipal do BNG, realizaron un importantísima labor de fiscalización da utilización dos cartos públicos.

desenvolvemento económico da comarca actuando como axente dinamizador. Para consegui-lo é necesario aumentar o dinheiro adicado a investimentos e orientar estes cara actuacións que signifiquen unha mellora dos servizos e ao mesmo tempo actuen como inductores de creación de riqueza na zona. Investir na posta en marcha do matadeiro supón a creación de postos de traballo, a comercialización da produción cárnica da comarca e xera ingresos ao Concello. A luta contra os incendios e a repovoación forestal permite-nos preservar a nosa riqueza madeireira e orientar a explotación dos montes cara a produción de madeiras nobres e como fornecedor de matéria prima para a industria local do móbel. A apertura de novas rúas contribúe a desconxestionar o tráfico (problema xa grave na Estrada), aumenta o solo edificábel incidindo sobre a construcción e incrementando os ingresos do Concello. Apoyo á comercialización dos nosos produtos industriais e agrarios. A recuperación do Polígono Industrial como lugar de asentamento de industrias con capacidade de xerar postos de traballo. Mellorar a infraestrutura viaria local que permita o rápido e cómodo acceso das parroquias á vila potenciando a sua función como centro industrial e comercial da comarca. Investir para mellorar os servizos co fin de avaratar custos e acadar maiores rendementos.

Todo isto son exemplos do que nós consideramos que debe ser o eixo da política económica do Concello e que nos levou ao confrontamento coa xestión do Governo Municipal nos anos anteriores.

Os presupostos do ano 91 inciden na mesma liña de actuación ainda que condicionados pola proximidade das

eleccións municipais o que os leva a presentar un plano de investimentos vendíbel eleitoralmente, ainda que supoña hipotecar a capacidade de actuación do Concello nos próximos anos.

A intención de utilizar os presupostos con fin eleitoralista e a incapacidade do Governo para cumplir as suas previsións son claras, chega con facer unha comparación entre o actual e o Plano de investimentos para o 91 aprobado en setembro pasado dentro do Plano plurianual. O investimento previsto naquel momento ascendía a 425 millóns e financiaba-se cunha aportación de fondos propios equivalente ao aforro neto que se fixaba en 85 millóns, subvencións pola cantidade de 318.6 millóns e o resto por empréstitos por 21.2 millóns. Ao mesmo tempo acorda-se que se a aportación Estado-Deputación non cumprise as previsións feitas, a inversión reduciría-se na mesma cantidade. O financiamento mediante crédito fixaba-se nun tope do 5% do total e só podía ser superado no caso de que a Xunta-CEE non alcanzasen a subvención prevista (21.2 millóns) que posteriormente foi ampliamente superada.

A cinco meses vistos da aprobación do Plano plurianual polo Governo, alteran-se totalmente as suas previsións e presenta-nos un novo Plano de investimentos por 449 millóns financiando con fondos propios 22 millóns, contribucións especiais 47 millóns, subvencións 232 e a crédito 145 millóns, rompendo así o compromiso adquirido no Plano plurianual ao respecto da aportación de fondos propios e do endebedamento.

A proximidade das eleccións municipais e a incapacidade do Governo de pór en práctica unha política de contención do gasto e de negociar subvencións, especialmente da Xunta de Galicia (este ano, igual que o anterior, non fai nengunha aportación ao Plano de investimentos) leva-os a tratar de manter o nivel de inversións a costa de elevar o endebedamento a cotas que a capacidade económica do Concello non pode suportar. A débeda prevista para este ano, 145 millóns, incrementa a carga financeira en 33 millóns, superior ao aforro neto previsto para este ano, o que supón que para o próximo exercicio teñamos que recorrer ao crédito ou ao aumento dos impostos para financiar os gastos producidos polo endebedamento, solucións tanto unha como outra, inadmisíbeis para o **BNG**.

Estes presupostos son inaceptábeis e resulta-nos imcomprensíbel que calquer grupo político con intención de gobernar este Concello poda apresentá-los e defendé-los, a non ser que o que se pretenda sexa queimar o derradeiro cartucho coa intención de manter-se no poder, ou no seu defecto, utilizando termos bélicos tan de moda, deixar-lle terra rasada ao inimigo en caso de sair derrotados.

Evitar esta situación levou ao **BNG** a entablar negociacións co responsable de economía do Governo rebaixando as nosas peticións en relación aos anos anteriores, moi por debaixo dos límites tolerábeis por nós en calquier outro momento.

AS NOSAS PROPOSTAS

1.- Reforma do Plan de inversións, cun investimento total de 418 millóns, reducindo os gastos correntes en 40 millóns, co que aumentaríamos a aportación do Concello a 63 millóns de pesetas, e reducindo a débeda a 45 millóns.

2.- Execución do Plano contra-incéncias apresentado polo **BNG** no ano anterior e dotá-lo dun presupuesto de 7 millóns de pesetas (o ano anterior contaba cunha asignación de 900.000 pts. que foi rebaixada a 400.000 pts.)

3.- Incluir no Plano de inversións a apertura da travesía de Fernando Conde.

4.- Modificación da base 13 das Bases de execución. Modificar o Complimento de produtividade do 19 ao 15 % e Gratificacións do 6 ao 10 %. Supresión do reparto de produtividade pola alcaldía sen que teña fixado os criterios o Pleno.

Estas propostas foron rexeitadas todas, até as más intranscendentas e lóxicas como modificación do Complemento de Produtividade, fonte de conflito todos os anos á hora do seu reparto. Mais non se aceitaron as nosas enmendas nin as dos outros grupos municipais. o que deixa en evidencia o talante negociador do Governo do que tanto presume o Delegado de Facenda. Polo mesmo a conclusión para nós é clara, e non basta con votar negativamente aos presupostos presentados, é necesario impedir a desfeita que a sua execución vai supor para a economía do Concello que ademais implica deixar hipotecados a capacidade de xestión.

UN EXEMPLO DA HISTORIA DE PROMESAS INCUMPLIDAS E MARXINACION DAS VIAS DE COMUNICACIÓNS ESTRADENSES

A ESTRADA - VILAPOUCA

Esta historia ten o seu comezo a primeiros do ano 90, cando a COTOP. do Sr. Cuiña, fai unha visita institucional ó Concello da Estrada, na que a Sra. Alcaldesa, entre outras peticións, solicítolle coma plan estrela, a realizar na comarca a execución urgente das obras de mellora e acondicionamento do tramo entre a Estrada e Vilapouca, comprometéndose o conselleiro a encargar o proxecto inmediatamente e realizala en duas fases, e que a primeira entre a estrada e Codeseda sera acometida no ano 91.

No pleno do 12 de Xullo do 90 o Sr. Palmou (Concelleiro e Diputado Autonómico polo P.P.), Argumentando as dificultades que había para levar a cabo a obra, presenta é aprobase unha moción na que "Se insta a **Xunta de Galiza** a que con carácter prioritario se acometa a realización do tramo da estrada Santiago-Carbaliño entre A Estrada e Vilapouca".

O 3 de Novembro unha nova visita ó Concello do Conselleiro da **COTOP**, "puxo de manifesto o avanzado que se encontraban os estudos do proxecto de mellora e ensanche, con novo trazado, da estrada entre A Estrada e Forcarei, obra prioritaria para o próximo exercicio" (entendese para o ano 91). Reconoce tamén a trascendental importancia que a obra ten para o desenvolvemento das comarcas de Terra de Montes e A Estrada.

Doce días mais tarde, ó 15 de Novembro, publicase na prensa o Plan de investimentos da Xunta para o ano 1991, no que non se contempla a realización das obras do tramo entre A Estrada e Vilapouca. É lóxico xupoñer que os Srs. Cuiña e Palmou, coñecian este Plan con anterioridade e que **MENTIRON DESCARADAMENTE**, cando fixeron as declaracions a prensa antes citadas.

Comprobada esta información, o **BNG** por medio do seu Grupo Parlamentario presenta o 1 de Decembro unha enmenda aos Presupostos da **Xunta** para que se inclúa o finanzameto das obras.

A primeiros de Xaneiro, no devate dos presupostos da Xunta, a enmenda presentada polo **BNG** foi rexeitada, **votando en contra o Grupo Popular do que forman parte o Sr. Palmou**, Concelleiro da Estrada.

No pleno do 10 de Xaneiro do 91, o Grupo Municipal do **BNG**, pideu unha explicación a o Sr. Palmou pola postura mantida por el e o P.P. no parlamento Galego en contra da construcción da estrada entre A Estrada e Vilapouca no ano 91 como reiteradamente tiñan prometido. Ante a ausencia de éste (Xa avitual) contestou a Alcaldesa decindo que xa se tiña firmado un convenio entre a **Xunta** e a **Diputación** para facerse cargo das obras conxuntamente e que éstas iniciavánse no ano 93.

Requerido o convenio polo **BNG** resulta que foi asinado o 13 de Decembro do 90, posterior a presentación das enmendas do **BNG**, mais, antes da celebración do devate dos Presupostos, sin que o Sr. Cuiña o mencionase en ningun momento nas suas intervencións no pleno, o que demostra que até o propio conselleiro o considera impresentable e que non é mais que unha cortina de fume para manter acaladas as xustas reivindicacións dos veciños que demandan das Obras.

CONCLUSIONS:

Da analise do convenio podemos extraer as seguintes conclusions:

1/ Refirese a "execución das obras de ancheo e mellora da estrada A Estrada - Codeseda - Forcarei." Polo tanto non contempla a necesidade dun novo trazado nun remos onde as curvas fan difícil e perigosa a circulación de veículos. Tampouco contempla a realización do tramo Forcarei-Vilapouca enlazando coa Xeneral Pontevedra-Ourense e abrindo unha importante via de comunicación con Carbaliño.

2/ Non figura no convénio a data de iniciación nin prazos de execución, polo que a data do 93 dada pola alcaldesa non é más que outra promesa que pode correr a sorte das dadas até agora.

3/ A **COTOP** e a **Diputación** comprometeu-se agora a tramitar os expedientes de redacción dos proxectos, cando o Conselleiro, en Novembro do 90, xa anunciaba o avanzado da sua elaboración naquel momento.

O 12 de Xaneiro publica-se na prensa un avance do Plan de Estradas de Galiza 1.991 - 1.999 sen que tampouco se cite polo menos entre as vias más importantes, mentres si figura outras semellantes como a estrada Lalín - Forcarei.

Vendo o avance deste plan, queda claro que o conselleiro da **COTOP** o que pretende é facer a Lalín centro de comunicación de Galiza, e as necesidades que poida ter A Estrada, quedan en lugar secundario mentres ao frente do concello estean persoas incapaces de ante-poñer os intereses do Concello—aos partidarios e persoais. Nos últimos tempos vemos como o Sr. Cuiña se adica a comprar alcaldes a cambio de grandes inversións da **COTOP** nos seus Concellos. Na Estrada a fichaxe sai-lle máis barata aos fondos públicos, un posto de deputado e outro de senadora abondou para pagar aos dous actuais xefes do P.P. local.

O Debate no Parlamento Galego do Plan de Estradas 91-99 está próximo a celebrar-se. Conseguir levar adiante a realización desta obra vai depender da capacidade de organización e mobilización dos povos de A Estrada e Forcarei. Polo que o **BNG** propón a creación dunha plataforma da que formen parte comisións de afectados e organizacións políticas e sociais baixo uns puntos irrenunciabeis:

1 - **Ensanche e mellora, con novo trazado nos puntos perigosos, da Estrada Santiago-Carbaliño (no tramo da Estrada a Vilapouca).**

2 - **Redacción do Proyecto no ano 1.991.**

3 - **Inicio das Obras no ano 1.992**

DOSIER DE PRENSA

A ESTRADA - VILAPOUCA

24

Galicia

Faro de Vigo, domingo 4 de noviembre de 1990

PONTEVEDRA/PROVINCIA

La carretera de A Estrada a Forcarei, obra prioritaria en las previsiones de la Cotop

Subvención de 70 millones para urbanizar una calle.

en la agenda de intereses de Cuiña Crespo


Redacción

A Estrada

El conselleiro de Ordenación del Territorio y Obras Públicas (COTOP), José Cuiña Crespo, con motivo de la entrega al Ayuntamiento de un camión de recogida de basuras, y en corta entrevista concedida a FARO DE VIGO, puso de manifiesto los avanzados que se encuentran los estudios para el proyecto de mejora y ensanche, con nuevo trazado, de la carretera A Estrada a Forcarei, obra prioritaria para el próximo ejercicio.

El conselleiro nos expresó su deseo de dar con ello satisfacción "al interés que en todo momento viene desplegando el parlamentario Jesús Palmou, asistido de la alcaldesa Elvira Fernández; pero también comprendiendo esta justa reivindicación, de trascendental importancia para el desarrollo y buenas comunicaciones tanto de las Tierras de Montes como de A Estrada".

Esta mejora, después de la que ya se viene realizando en el



CON ACENTO GALLEGGO. ESCRIBE COUSELO

Las carreteras del siglo que viene

Según el avance del Plan de Estradas de Galicia 1991-1999, el Estado y la Xunta comunicarán por autovía a Ponferrada con Monforte-Chantada-Lalín y a Ourense con Santiago de Compostela

A cerca de trescientos mil millones de pesetas se elevan las inversiones que la Xunta prevé realizar en el Plan de Carreteras de Galicia entre 1991 y 1999.

"El Plan de Carreteras —según el avance de la COTOP— se refiere a la infraestructura vial de Galicia y puesto que no toda la red viaria del territorio es de titularidad de la Comunidad Autónoma, se hace necesaria que cada organismo inversor (Administración central, Comunidad Autónoma y Diputaciones Provinciales) programe y realice sus actuaciones de forma coherente y coordinada con los demás".

"Todas las carreteras —continúa—, independientemente de su titularidad, forman parte de una única estructura vial y como tal deben y son tratadas en este Plan".

El Plan de Carreteras, que termina en 1999, comunicará por autovía estatal desde Ponferrada a Monforte y desde Ourense a Santiago y por autovía autonómica desde Monforte a Chantada y Lalín. O sea, la capital de Galicia tendría, al comenzar el próximo siglo, doble enlace, desde la bifurcación de Lalín, con la red de autovías hacia la Meseta.


Actualmente, y desde 1984, las carreteras autonómicas se clasifican en red primaria, 2.747 kilómetros y red secundaria, 2.473 kilómetros.

La red primaria está compuesta por aquellas carreteras que cumplen alguna de las condiciones siguientes: Enlace entre la capital de la Comunidad con las capitales de provincias o centros importantes. Las que tienen una Intensidad Media Diaria (IMD) superior a 2.000 vehículos. Las que tienen calzada superior a 7 metros.

El Plan de Carreteras 91-99, que es más correcto denominar Plan de Estradas, además evita la confusión con el plan estatal, clasifica las carreteras en: Vías de alta capacidad. Red primaria básica. Red primaria complementaria. Red secundaria.

Se consideran vías de alta capacidad las autovías, los corredores y las vías rápidas autonómicas y las autovías, corredores y vías rápidas estatales.

La red primaria básica tendrá un ancho entre 7 y 10 metros y



Mapa de las vías de alta capacidad para 1999. Los trazados son meramente indicativos.

entre 7 y 8 en terrenos muy accidentados, con una IMD superior a 2.000 vehículos y menor de 10.000. La red primaria complementaria, con IMD superiores a los 1.000 vehículos. En ambas, la velocidad mínima será de 80 kilómetros y de 40 en trayectos muy accidentados.

La red secundaria tendrá un ancho entre 7 y 8 metros. El presupuesto del Plan de Estradas 91-99, en pesetas constantes de 1990, es de 297.599 millones de pesetas, que se distribuyen de esta manera: Vías alta capacidad, 80.012 millones; Red primaria básica, 66.670 millones; Red primaria complementaria, 83.838 millones; Red secundaria, 34.279 millones y para conservación,

36.800 millones.

Este presupuesto no incluye en vías de alta capacidad la de Ferrol a Vilalba, pendiente de negociación con Endesa, de As Pontes.

La inversión media por año es de 37.198 millones de pesetas. Por lo que hay a conservación, la media anual asciende a 4.600 millones de pesetas, cuando en 1989 se destinaron a reposición más de 5.000 millones de pesetas. El estado del firme, en 1989, era 'malo' en 917 kilómetros de la red primaria y 793 de la secundaria.

En ambas redes, 1.825 kilómetros ofrecían un estado 'regular'.

El Plan de Estradas prevé las siguientes vías de alta capacidad en la red autonómica: autovías de Carballo-A Coruña, de Padrón-

Boiro-Ribeira, de Barro-Rubianes, de Monforte-Lalín y de Santiago-Pontomouros; vías rápidas de Pontomouros-Santa Comba de Ferrol-Vilalba, de Sanxenxo-Barro, de Rande-Monía, de Vigo-Baiona y de Lalín-Forcarei.

En 1999 la red estatal contará, además de la autopista de Ferrol a Puxeiros, con las siguientes autovías: Noroeste (Benavente-Lugo-A Coruña), Rías Baixas (Benavente-Verín-Ourense-Vigo), Verín-Portugal, Porriño-Tui, Ponferrada-Monforte y Ourense-Lalín-Santiago. Y las vías rápidas Monforte-Ourense, Vegadeo-Lalín, Forcarei-Pontevedra-Marín y Ribadeo-Baamonde.


Este Plan de Estradas será debatido en el Parlamento gallego.

38 El Correo Gallego, Jueves, 15 de noviembre de 1990
INVESTIMENTOS DA XUNTA PARA 1991
Construcción, conservación e explotación de estradas



TELEFONOS NO RURAL

UNHA NECESIDADE EXPLOTADA CACIQUILMENTE



TELEFONOS PUBLICOS: PERSISTEN OS MECANISMOS CACIQUIS

Unha das actuacións máis polémicas da actual equipa de goberno presidida por Elvira Fernández, foi a concesión dos telefonos públicos no rural da campaña de 1.990.

Son de todos coñecidos os conflictos xurdidos entre os veciños de varias parroquias e a alcaldesa, e mesmo o ambiente de crispación que se viveu en moitos lugares do Concello neste pasado verán, todo elo froito dunha actuación da alcaldía que, non se axusta ás normas legais sobre as concesións dos TPS, nem á ética política.

Efectivamente ás arbitranedades nas concesións dos telefonos públicos (TPS) observadas, e que foron denunciadas polos veciños, foron a chispa que puxo en marcha todo un proceso de investigación levado a cabo polo BNG que veu demostrar como as campañas anteriores estaban tamén cheas de irregularidades, e o reparto dos telefonos facía-se en función de intereses caciquis ou amigismo (entre os concelleiros do grupo de goberno, familiares d'estes e "homens de confianza da Sra. Alcaldesa", "axentes electorais" ou "caciques", como queira chamar-se, nas distintas parroquias), tal como estamos dispostos a demostrar.

Tamén é habitual ver nouros lugares que as concesións recaen nos alcaldes de bairro (nomenados pola alcaldesa) ou nas persoas que constitúen as redes caciquis tanto do PP como particulares da alcaldesa, ainda que non se chega a dar unha oposición vecinal, unhas veces por descoñecimento de que se vai instalar un

teléfono público, e outras pola impotencia ante este tipo de actuacións propiciadas desde a alcaldía, e o medo a enfrentarse coas persoas que detentan o poder político na parroquia, e que case sempre se beneficiaron das concesións.

Pero para entender mellor os nosos argumentos, e que non son a "declaracións de fe" compre entender primeiro cal é o procedimento legal que se sigue normalmente para a concesión dos TPS. A saber:

Estas concesións non se deben a unha "gracia" da alcaldesa, senón que ten a sua orixe no Real Decreto 2248/1.984 sobre a extensión do servizo telefónico ao medio rural, no que se establecen varias etapas sucesivas para a instalación dos telefonos públicos nas entidades de poboación que carezan de dito servizo, en función do número de habitantes (na campaña do 90 será necesario un mínimo de 50 habitantes por lugar).

En cada campaña a Compañía Telefónica confecciona un listado cos lugares que cumplen os requisitos esixidos para esa etapa, e remite-lo ao Concello, ao cal lle corresponde fixar a ubicación, dentro dos lugares propostos por Telefónica, naqueles locais que, pola súa situación e accesibilidade, reunan as mellores condicións para a prestación do servizo. Polo tanto Telefónica selecciona os lugares nos que se instalarán os TPS, e só poderá ser alterados se incumplisen o artigo 4º-1 do mencionado Real Decreto que establece a condición que os lugares deben carecer doutro teléfono público.

O público xa instalado en Pardemarin (como se pode ver na foto), instalado na casa de Manuel Iglesias, e que agora pretenden trasladalo a casa de José Pose González irmán dun coñecido militante do PP. Un exemplo dos múltiples casos que se deron na Estrada na adjudicación caciquil dos telefonos públicos rurais.

Unha vez coñecido o procedimento polo cal se conceden os TPS é fácil contrastar a norma coas actuacións da Alcaldía neste terreo, e observara-se que as irregularidades son manifestas; as actuacións en moitos casos contradíñan as normas, e noutros, ainda que formalmente legais, son a todas luces sospeitosas de caciquismo, tal como espuxémos xa, no seu día, por boca dos nosos representantes municipais, Manuel Renco e Xoséfa Pereira, no Pleno Extraordinario do 29 de Setembro pasado, convocado para debatir este tema, a petición dos grupos da oposición municipal.

Este tipo de actuacións, asumidas pola Alcaldesa no Pleno, ante os medios de comunicación, afirmando que ela podía por os telefonos onde lle dera a gaña, é algo que o BNG non pode aceptar e temos a obriga de denunciar e combatir.

As accións emprendidas por nós (entrevistas aos directivos de Telefónica, información aos afectados, a solicitude de convocatoria de Pleno Extraordinario conjuntamente cos demais grupos da oposición para tratar de corregir as inxusticias cometidas) non abonda se os cidadáns non toman conciencia da necesidade de defender os seus dereitos e de que nunca as concesións dos telefonos ou arranxos de pistas, son favores que lle fai a Alcaldesa, senón que é a sua obrigación, como administradora duns fondos públicos provintes da recaudación de impostos e que non deben ser utilizados en beneficio próprio ou dos seus correligionarios, tal como está a ocorrer no Concello de A Estrada.

OFICINA DE INFORMACION A' OBXECION

Galiza Nova, organización da mocidade do BNG, abreu unha oficina de información a obxectiva de conciencia, establecendo un servizo cidadán que cubra a ausencia de orientación e ocultamento interesado oficial dos dereitos dos mozos. GN abreu esta oficina, primeiramente porque son moitos os mozos que ainda non saben da posibilidade de facerse obxector, sendo o responsable desta falta de información o próprio goberno municipal que é incapaz de dar resposta ás preocupacións da mocidade estradense. A vez tamén queremos, con esta oficina a obxectiva, teñan información e apoio en caso

de optar pola via da insubmisión ou se neguen a realizar, despois de ser declarados obxectores, P.S.S. (Prestación Social Sustitutoria). Tamén, e xa de xeito máis simbólico pero non menos importante para o avance da conciencia pacifista, despois de ter feito a mill, a obxectiva post-mill, legalmente recollida. E por último, ofrecemos información sobre a obxectiva fiscal que ten como fin que os cantos dos impostos non se adiquen a gastos militares, o 8,81 % dos totais. Para calquera consulta relativa ao tema recorda:

**GALIZA
NOVA**



Sabados de 4 a 6

Na Rúa 18, 13 - 1º (Local do BNG)
tlf. 572939 - A Estrada